



JESÚS MANUEL GARCÍA DÍAZ  
DIRECTOR

Torres do Pino, s/n, 32001-Ourense  
director@ourense.uned.es  
Tf: 988 371444  
www.unedourense.es

Prezado estudante:

Desexo darlle a benvinda ao curso académico 2023-2024; moi especialmente se é vostede estudante de nova incorporación e intégrase na UNED por primeira vez. Desde este momento, tanto eu mesmo, como todo o equipo administrativo e docente de UNED Ourense, poñémonos ao seu servizo. O noso Centro Asociado e a súa Aula Universitaria da Rúa, que forma parte del, contan cunha serie de servizos académicos e de recursos que lle serán de suma utilidade académica, profesional e persoal: Secretaría, Biblioteca; Aulas de informática, Centro de Orientación e Información ao Estudante (COIE) e as Probas presenciais, que se realizan en Ourense.

Dentro dos servizos que ofrece o Centro, merecen especial mención as titorías, das que existen varios tipos. Por unha banda, o Centro Asociado ofreceralle titorías de carácter presencial nas instalacións de Ourense e A Rúa. Lembre, a este respecto, que non todas as materias dispoñen de titor presencial en cada unha das sedes; en caso de dúbida, consulte os horarios. Xunto a este tipo de titoría, poderá recibir tamén as de presencialidade virtual (webconferencia e taboleiro dixital interactivo en liña), que lle proporcionarán os distintos Centros e Aulas agrupadas dentro do Campus Noroeste, no que se integra UNED Ourense. Aos devanditos servizos accédese desde o seu domicilio se dispón dun computador con conexión a internet ou desde o propio Centro Asociado. A tutela de todas aquelas materias que por razóns orzamentarias e de dispoñibilidade física de espazos e medios UNED Ourense non alcanza a proporcionar, poderá levarse a cabo polo Campus Noroeste, ou desde outros Centros da UNED mediante titorías por webconferencia de Campus e de Intercampus. Para recibir este servizo académico só é preciso que se matricule da materia do seu interese e dispoña dun dispositivo electrónico conectado a internet. Este servizo, permitiralle interactuar co seu profesor e recibir toda clase de documentos que reforcen a súa titoría. Unha vez máis, agradeceríalle que consultase os horarios para coñecer o calendario e dispoñibilidade destas titorías. En todo caso, ao longo de outubro e novembro, tanto UNED Ourense como o Campus do Noroeste desenvolverán, dentro do seu Plan de Acolida de Estudantes, diversas actividades informativas e formativas moi útiles para coñecer e aproveitar ao máximo os distintos servizos que a UNED proporciona aos seus estudantes.

Do mesmo xeito desenvolveremos tamén cursos de técnicas de estudo, especificamente orientados aos novos alumnos da UNED. Con iso, pretendemos axudarlles a sacar o máximo partido ao seu tempo de estudo, indicándolles estratexias e técnicas de planificación e organización do tempo de aprendizaxe e habilidades que esperamos contribúan a que desenvolvan con éxito a súa formación académica na UNED.

A partires deste novo ano académico, UNED Ourense convértese en centro acreditado para realizar os exames Trinity College London. Para manterse ao tanto destas e outras actividades, pode consultar o seu propio correo de estudante, ademais da web do Centro Asociado de Ourense: [www.unedourense.es](http://www.unedourense.es)